BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Venres, 27 de novembro de 2026
Núm. 230

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESURES

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVO

ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVO PARA O CONCELLO DE PONTECESURES.

A Alcaldía ditou a Resolución núm.: 2026-1490, con data de 24.11.2026, pola que aproban, a convocatoria e as bases que rexerán a constitución dunha bolsa de traballo para cubrir o posto de Administrativo, mediante sistema de concurso - oposición.

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica (pontecesures.sedelectronica.gal) ou páxina web do concello (www.pontecesures.org) e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono/s de contacto e correo electrónico, e achegar a documentación esixida segundo a convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias para participar na bolsa de traballo no posto de ADMINISTRATIVO será de 10 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases publicaranse integramente na sede electrónica, no taboleiro electrónico do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.gal), e na páxina web (www.pontecesures.org).

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:NYSX0SZTECUMHK34